JOSE LUIS ALMAU SUPERVIA
Data: 04/04/2016 14:22

ANTONIO LEIRA PIÑEIRO
Data: 04/04/2016 13:00

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

Área: **Tesourería e Xestión de Tributos**
Servizo: **Recadación**
Sección: **Unidade Central de Recadación Executiva**
Ref.: **Negociado de Contabilidade (arg)**
Expte.:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE PROCEDE A NOMEAR Á COMISIÓN LIQUIDADORA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015 CO FIN DE REALIZAR A COMPROBACIÓN DOS ESTADOS DE SITUACIÓN DÁS OPERACIÓNS DE RECADACIÓN LEVADAS A CABO POLO SERVIZO DE RECADACIÓN E AS OFICINAS DE ZONA.

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Co obxecto de realizar a comprobación material e técnica dos estados de situación das operacións recadatorias levadas a cabo polas oficinas de zona durante o exercicio 2015, cuxa información debe integrarse nos estados de contas anuais das entidades locais ós que se refiren os art. 208 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Para levar a cabo os citados traballos de comprobación dos estados de situación presentados polos recadadores das zonas, comprendidos nas operacións de recadación correspondentes ó exercicio de 2015, constituir unha Comisión integrada polos seguintes funcionarios:

POR FISCALIZACIÓN:

D. Miguel Pérez Boga (Xefe de Sección de Fiscalización de Ingresos)

POR TESOURERIA - RECADACIÓN:

D. Alfonso J. Reguera Galán (Xefe Negociado de Contabilidade do Servizo de Recadación)

SEGUNDO: A Comisión liquidadora deberá realizar as seguintes tarefas:

1) Examinaranse os expedientes de maior importe que figuren pendentes nas oficinas recadatorias. Para ese efecto, con anterioridade, solicitarase aos responsables das zonas unha relación dos citados expedientes.

2) Así mesmo, examinaranse, mediante mostraxe, valores máis antigos. A tal obxecto, con anterioridade, solicitarase, como no caso anterior, aos responsables da zona, unha relación dos citados valores.

3) Por último, revisaranse expedientes que fosen obxecto de revisión en anteriores visitas, co fín de comprobar e analizar as posibles actuacións que se efectuaron posteriormente, así como, expedientes procedentes de actuacións de control financeiro de subvencións.

4) O calendario de visitas ás zonas recadatorias terá lugar durante o segundo trimestre do presente ano, e poderase modificar sempre tendo en conta as necesidades dos respectivos Servizos e das Zonas Recadatorias.

A Comisión Liquidadora, de ser este o seu criterio, propoñerá a aprobación dos estados auditados, e poderá facer mención na proposta das incidencias producidas durante a comprobación.

TERCEIRO: O Servizo de Recadación e a Tesourería coordinarán o funcionamento da mencionada Comisión.

CUARTO: Esta Comisión Liquidadora revisará ao mesmo tempo, calquera outra situación ou operacións levadas a cabo nas oficinas periféricas ao longo do exercicio de 2015.

De todo o cal darase conta á Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas.